



IES de Mugar dos. Departamento de Debuxo.

MATERIA Debuxo técnico  
PROFESOR/A Marta González Pérez.

BACH

2º BACH  
2016-17

## CONTIDOS

### Bloque 1. Xeometría e debuxo técnico

Número	Título	Descrición
1.1	Trazados fundamentais e tanxencias.	Teoría nova e de repaso. Correcto uso das ferramentas apropiadas, da limpeza, pulcritude e precisión necesaria para a resolución técnica. Equivalencias. Tanxencias por diversos métodos.
1.2	Curvas técnicas e cónicas.	Construcións e tanxencias.
1.3	Transformacións xeométricas. Homoloxía, afinidade, escalas.	Xiro, translación, simetría, homotecia. Construcións por homoloxía e afinidade. Uso das escalas.

### Bloque 2. Sistemas de representación

Número	Título	Descrición
2.1	Fundamentos.	Tipos de proxeccións.
2.2	Sistema diédrico.	Punto, rectas, planos. Paralelismo, perpendicularidade, pertencenza e interseccións. Verdadeira magnitude, abatements, cambios de plano e xiros. Poliedros regulares, prismas e pirámides. Cilindros, conos e esferas. Seccións planas.
2.3	Sistema de planos cotados.	Comprensión do seu funcionamento como unha variante do sistema diédrico que permite rendibilizar os coñecementos adquiridos.
2.4	Sistema axonométrico.	Debuxar perspectivas de formas tridimensionais definidas polas súas proxeccións ortogonais, seleccionando a axonometría axeitada ao propósito da representación. Seccións planas e interseccións.

### Bloque 3. Documentación gráfica de proxectos.

Número	Título	Descrición
3.1	Elaboración de bosqueños, esbozos e planos.	Proxectos sinxelos arquitectónicos ou de deseño industrial.
3.2	Presentación dun proxecto.	Presentacións usando ferramentas informáticas. <u>Para desenvolver esta parte da programación necesito acceso aos ordenadores e programas especiais. Neste curso escolar non temos a dotación necesaria. Os estándares desta parte non aparecen na matriz de especificacións do borrador das probas de final do bacharelato para este curso escolar polo que non serán avaliados, minimizando así o dano causado.</u>

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedemento de avaliación		Instrumento de avaliación	
Probos- Exames	<b>EXA</b>	Probos escritas	<b>EXA-E</b>
		Probos orais	<b>EXA-O</b>
Actividades e exercicios	<b>ACT</b>	Probos prácticas(exercicios, aplicacións...)	<b>R-ACT</b>
Producións- Tarefas	<b>TARE</b>	Rúbricas de producións (traballos, portafolio, esquemas, programa, arquivo)	<b>R-TARE</b>
Observación no meu caderno dixital.	<b>OBS</b>	Observacións(comportamento, interese)	<b>OBS</b>

### Observación da actitude:

A observación e rexistro das actitudes do alumnado vai ser unha constante diaria. Terase en conta os seguintes apartados valorándose positiva ou negativamente para aplicar aproximacións ou redondeos.

En canto a comportamento:

- Aceptación das indicacións dadas polo profesor.
- Gardar turno de palabra.
- Coidado dos materiais comúns, propios ou alleos.
- Respeto aos outros. etc

En canto ao interese:

- A asistencia e puntualidade.
- Iniciativa e interese.
- Entrega a tempo e con calidade das producións.
- Participación no traballo dentro e fora da aula.
- Hábitos diarios de traballo e uso axeitado do caderno.
- A anotación de apuntes na libreta de maneira clara, correcta e coidando a ortografía e a letra. etc
- Traballo en grupo: desenvolvemento da súa tarefa no grupo, respecto pola opinión dos demais, aceptación da disciplina do grupo, participación nos debates, integración.
- Traer material necesario cada día.

### Probos escritas ou orais:

Nas probos orais valoraranse as seguintes cuestións:

- Expresión oral.
- Uso da linguaxe técnica específica.

Realizaranse varias probos escritas(exames) ao longo do trimestre. Entre dous e catro parciais. Poderán ter unha parte teórica e unha parte de exercicios. Valoraranse as seguintes cuestións:

- Expresión escrita e gráfica.
- Utilización da nomenclatura axeitada.
- Valorarase a limpeza e precisión na presentación e resolución dos exercicios, así como a resolución completa de todos os trazados auxiliares.
- Nalgunhas probas, estará aclarado na propia proba, quitarei ata 1 punto por non facer o anteriormente exposto nos tres primeiros puntos.
- **Resolución dos exercicios axustándose aos datos do enunciado, sendo imprescindible o uso destes datos para a resolución dos problemas plantexados.**

### Exercicios, actividades ou tarefas:

- Trátase de proxectos prácticos, actividades, exercicios e cuestións tanto feitas na aula como na casa, etc. Valorarase nas producións do alumnado o seguinte:
- 
- Realización completa e axustándose aos prazos de entrega.
- As achegas para traballos deberán ser correctamente contextualizadas e peneiradas evitándose a copia textual de fontes de

información dixital ou escrita sen unha análise, comprensión e elaboración propia.

- As explicacións e os trazados auxiliares necesarios.
  - A limpeza, curiosidade e precisión nos trazados.
  - A letra lexible e ausencia de faltas de ortografía.
  - A expresión oral.
  - A utilización da nomenclatura axeitada.
- A utilización da linguaxe técnica específica.

As actividades, exercicios e tarefas propostos para facer na casa ou na clase haberá que presentalos no prazo disposto salvo impedimento razoable. **Se o traballo non se presenta na data (por motivos non xustificables), a segunda vez que suceda como norma xeral o alumnado disporá de prazo a clase seguinte para entregalo e a nota non superará o 5. Se nese prazo non o entrega terá un 0.**

Ao longo das distintas avaliacións faranse entre dous e catro parciais e recolleranse exercicios, actividades e tarefas variadas, ademais de facer probas orais e practicas na pizarra de resolución de exercicios feitos na casa o en clase.

Tal e como se recolle na lexislación as notas irán do 0 ao 10, sendo o 5 a nota do aprobado e tendo en conta para as aproximacións a observación de actitudes (comportamento e interese) anteriormente expostos en procedementos e instrumentos de avaliación.

**O curso irase superando por trimestres, aínda que é necesario ter polo menos un 4 de media por avaliación para poder facer a media matemática das tres, e ter así a materia aprobada en xuño.** Se este non fora o caso, e o resultado da media matemática non da o 5, a recuperación final da materia será mediante proba escrita de todos os contidos do curso ben en xuño, ben en setembro. Se fora o caso de ter só unha avaliación suspensa, faríase proba final desa avaliación se nas outras dúas ten alomenos un 6.

Todo o alumnado aprobado podería presentarse á proba final global para tentar subir a media. Conservaríase a nota máis alta.

Entregaranse fichas de reforzo en cada trimestre, así como ao final de curso para o alumnado suspenso que as solicite. Asemade, póñome a disposición nos recreos daquel alumnado que demande axuda.

É importante planificar e ter previsión dous recursos necesarios para o desenvolvemento da actividade proposta, polo que **4 faltas de material necesario para traballar na clase, nun mesmo trimestre, suporá un 0 a engadir ás notas desa avaliación como parte da observación da ferramenta de avaliación.**

No caso de que na realización das probas escritas, **o alumnado empregase métodos de comunicación, copia ou información non permitidos**, o exame en cuestión terá un 0.

Para o alumnado que non asista á realización das probas escritas nas datas marcadas, o profesor/a decidirá que facer dependendo da xustificación da falta, no caso de enfermidade con xustificante o profesor/a marcará outra data para a realización do mesmo, esa data será como norma xeral o día de incorporación ás clases pero é necesario traer o xustificante médico da falta.

**A cualificación que acade un alumno en cada avaliación calcularase seguindo a táboa.** Tendo como fixo as probas escritas cun 80% do valor total na nota trimestral, a restante puntuación vendrá dada polo anteriormente escrito tanto neste apartado coma no apartado de procedementos e instrumentos de avaliación.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas A cualificación correspondente ás probas escritas se calcula como a media aritmética das puntuacións de cada proba. Probas orais	80%
Observación En todas as avaliacións haberá notas de material, 4 faltas de material por trimestre será igual a un 0.	20%

Actividades e exercicios montaxes exercicios, aplicacións, actividades...	20%
Tarefas traballos, portafolio, esquemas, programa, arquivo...	20%
Total	10

As probas prácticas e tarefas haberá que presentalos na data proposta. Fora desta data, de recollelo tendrá un 5 como máximo.

Para as aproximacións e redondeos terase en conta as observacións de actitudes (comportamento, interese). Apartado 5.2 desta programación.

Grao de consecución dos estándares de aprendizaxe	
0	Responde de forma totalmente errónea /realiza a práctica ou actividade de forma totalmente errónea ou non a realiza.
1	Explica con erros, identificando poucos elementos e a relación entre eles. / Realiza as prácticas ou actividades pero ten bastantes fallos en bastantes delas. / Ten dificultades para comprender o problema e non escolle adecuadamente a maioría das estratexias para resolvelo.
2	Explica de forma algo incompleta pero válida. / Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas. / Comprende o problema de forma algo incompleta pero válida e a maioría de estratexias empregadas son válidas.
3	Explica de forma axeitada case todo identificando os elementos importantes e as súas relacións. / Resolve correctamente todas as actividades. / Comprende o problema e emprega as estratexias axeitadas para resolvelo.
4	Destaca pola súa excelente explicación / comprensión / resolución / execución.

A avaliación do alumnado que perda o dereito á avaliación continua dependerá dos motivos desta perda, sendo segundo o NOF, un dos motivos desta perda a acumulación de faltas de asistencia non xustificadas (12 por materia). No caso de motivos xustificables acordarase co profesor/a o traballo ou traballos máis axeitados e a data dá recollida.

Noutros casos, haberá que facer unha proba escrita de todos os contidos, acordarase co profesor/a a data para tal fin.

## PENDENTES

A recuperación dos alumnos/as pendentes doutros anos será nas datas asignadas trimestralmente para tal feito por medio de proba escrita dos contidos do curso en cuestión. Entregaranse apuntes referidos aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación do curso pendente en cuestión para a preparación destes exames se o alumnado o solicita.

Asignarase unha data para facer un exame final de tódolos contidos do curso en caso de non ter superada a materia por trimestres.